



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de desratización no termo municipal de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 23.329,95 euros más IVE.

PROCEDIMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 23 de xullo de 2015, ás 09:30 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocales: D^a Noa Morales Sánchez, representante do grupo CA.

D^a María Corral, representante do grupo PP

D. Gonzalo Muñíos, representante do grupo PSOE.

D. Rubén Cela representante do grupo BNG

D. Pablo Martín Quintero, xefe de sección de medio ambiente

D^a Inmaculada Viña, interventora xeral municipal.

D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, toman coñecemento das alegacións presentadas pola empresa AGRONERGA contra a proposta de adxudicación acordada na reunión anterior, e que esencialmente se concretan no feito de que non se valorou a súa proposta de melloras, indicando o lugar da súa documentación técnica na que se recollen o compromiso de realización das actuacións de desinsectación e desinfección.

Estas alegacións foron informadas polo técnico redactor do informe valorativo orixinal, propoñendo o seu rexeitamento, por entender, sucintamente, que a referencia na oferta a actuacións periódicas, non responde ós requerimentos do prego, que fala de actuacións a requerimento do Concello, e que a referencia á realización de todas aquelas que se lle soliciten, sitúase nun contexto xenérico, que nin siquera menciona nin garante a imprescindible gratuidade das mesmas.


Polo tanto, e de conformidade co antedito informe do xefe de sección de medio ambiente, a mesa acorda rexeitar as alegacións presentadas pola empresa AGRONERGA, por entender que o seu contido non desvirtúa a proposta de adxudicación acordada na reunión desta mesa de 8 de xullo pasado.

En consecuencia, e logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, ARUMIA, S.L., considérase acreditada a mesma, e polo tanto a mesa ratifica a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9.45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**

O/A SECRETARIO/A DA MESA



CONCELLO DE
SANTIAGO

INFORME TÉCNICO

ASUNTO: ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR AGRONERGA S.L. Á VALORACIÓN DAS MELLORAS PRESENTADAS NO CONCURSO DO SERVICIO DE DESRATIZACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Á vista das alegacións presentadas por Alberto Rilo Martínez con DNI 36.114.639-Q como administrador y representante legal de AGRONERGA S.L. mediante escrito con R.E. no Concello número 33.169 de data 14 de xullo de 2015 relativas á valoración das melloras presentadas por dita empresa no concurso para a contratación mediante procedemento aberto do Servicio de Desratización no termo municipal de Santiago de Compostela, o técnico que suscribe INFORMA:

O Prego de cláusulas administrativas do antedito concurso establece como criterios de adxudicación avaliables en forma de cifras ou porcentaxes os seguintes:

1. Prezo
2. Melloras:

Pola realización de actuacións de desinsectación e/ou desinfección nalgún punto de titularidade municipal a requerimento dos servicios técnicos municipais:

- . Pola realización de catro actuacións anuais: 1 punto.*
- . Pola realización de seis actuacións anuais: 1'5 puntos.*
- . Pola realización de oito actuacións anuais: 2 puntos*

O escrito de alegacións de Agronerga S.L. remarca os puntos da oferta presentada onde se fala dun servizo de desinsectación (punto 2.4) que se prestará de xeito programado no casco urbano atendendo os focos que xurdan no rural, en urbanizacóns así como o control e tratamento do alcantarillado de xeito preventivo. Asimesmo (punto 2.6) establécese a disponibilidade da empresa para realizar actuacións de urxencia que se atenderán en 24 horas como máximo, e plásmase (punto 2.7) a frecuencia de visitas e planning anual, entendendo o contratista que todas estas actuacións “superan las mejoras de 8 visitas anuales ya que se realizarán 10 visitas de mantenimiento y 4 visitas de choque” e polo tanto –continúa coa súa argumentación– “entiendo que se ha producido un grave error al no constar las mejoras que yo claramente he presentado en la oferta técnica, no siendo valoradas éstas y dándonos 0 puntos cuando según lo expuesto en dicho planning se expone de forma clara que Agronerga realizará como mínimo 10 desinsectaciones y todas las urgencias necesarias, por lo que debemos recibir 2 puntos por tales mejoras”



CONCELLO DE SANTIAGO

A valoración das ofertas presentadas a un concurso público como o que estamos a tratar debe facerse evitando en todo momento a discrecionalidade ou arbitrariedade administrativa o que se consegue fixando previa e claramente qué elementos poden presentarse como melloras polos licitadores así como a súa valoración nos pregos de condicións.

No caso que nos ocupa o Prego de condicións establece cunha claridade meridiana as melloras que se poden presentar a este concurso adxudicando uns puntos determinados en función das actuacións de desinsectación/desinfección que se oferten (punto 10.3 Criterios de adxudicación do Prego de cláusulas administrativas)

A realización de visitas de desinsectación xa sexan de mantemento ou de choque no alcantarillado según un determinado planning anual, non se poden considerar *actuacións de desinsectación e/ou desinfección nalgún punto de titularidade municipal a requerimento dos servicios técnicos municipais* xa que as mesmas responden a unha programación feita de antemán pola empresa sobre un ámbito determinado, non axustándose aos criterios máis amplos de demanda en tempo e lugar que se pretende coas actuacións que se establecen como melloras valorables no Prego de condicións.

Por outra banda tampouco se pode valorar como mellora a oferta da empresa de que “**cualquier petición de servicio para una aplicación o revisión, será inmediatamente atendida y se procederá a su realización antes de 24 horas desde su notificación**” debido á súa inconcreción tanto no que se refire ao ámbito de actuación, como a propia actuación en sí, como ao seu número, pois evidentemente éstas non poden considerarse infinitas e tampoco se indica que éstas sexan sen custe para o Concello.

O técnico que suscribe entende que a valoración destas actuacións como melloras tal e como solicita a empresa Agronerga S.L. sería facer unha valoración subjetiva e arbitraria contraria ao principio de igualdade e de trato non discriminatorio que debe primar en todo proceso de adxudicación pública.

Santiago de Compostela, 15 XULLO 2015

O Xefe da Sección de Medio Ambiente e Sanidade


Asdo. Pablo Martín Quintero



CONCELLO DE
SANTIAGO
MEDIO AMBIENTE
E SANIDADE